

RESOLUCIÓN DE RECOÑECIMENTO DE INTERESE SANITARIO PARA ACTOS CIENTÍFICOS.

Expediente núm.: SA301A 2024/2-5.

ANTECEDENTES

1. O 27/02/2024 Juan Jiménez González, co NIF 36015752Y en representación da entidade *SOCIEDAD GALLEGA DE HERIDAS* co NIF G27428374, solicitou o recoñecemento de interese sanitario para o acto "*VI Congreso SGH: En tus manos, evidencia y cuidados*" a celebrar os días 13 e 14 de setembro de 2024 en Vigo.
2. A xefa do Servizo de Xestión emitiu un informe-proposta favorable ao solicitado.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1. A Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade de Pontevedra é competente para coñecer e decidir sobre a cuestión proposta, de conformidade co disposto no artigo 7 da Orde do 27 de decembro de 2016, pola que se regula o recoñecemento de interese sanitario para actos de carácter científico destinados a promover o estudo, difusión, formación e especialización das ciencias e técnicas relacionadas coa saúde (DOG Núm.

6, do 10 de xaneiro de 2017) e no artigo 18 do Decreto 136/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade (DOG núm. 208 do 31 de outubro de 2019).

2. Examinada a documentación do expediente e tendo en conta o informe-proposta do Servizo de Xestión, o acto referido reúne os requisitos establecidos na Orde de 27 de decembro de 2016, pola que se regula o recoñecemento de interese sanitario para actos de carácter científico.

Visto o exposto e demais normativa de xeral aplicación,

RESOLVO:

1. Outorgar o recoñecemento de interese sanitario ao acto "*VI Congreso SGH: En tus manos, evidencia y cuidados*" organizado pola *SOCIEDAD GALLEGA DE HERIDAS* co NIF G27428374, que se vai celebrar os días 13 e 14 de setembro de 2024 en Vigo.
2. Ordenar a súa inclusión no rexistro de actos, reunións, cursos, congresos e xornadas do Servizo de Xestión.

O dito recoñecemento, conforme ao artigo 9 da Orde citada, implica a obriga para os organizadores ou, en todo caso, os órganos de dirección da entidade organizadora do acto de remitir a esta Xefatura Territorial, no prazo de dous meses a partir da data do remate do acto, as conclusións ou acordos adoptados.

Contra a presente resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer no prazo dun mes recurso de alzada ante o conselleiro de



Sanidade, contado a partir do día seguinte á súa notificación, de acordo cos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236 do 2 de outubro).

Mediante este documento notifícaselle á persoa interesada esta resolución segundo o esixido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Pontevedra, na data da sinatura dixital
A xefa territorial
Natalia Botana Rey

